

CONVOCATORIA DE BOLSAS DE VERÁN CITIUS DE INICIACIÓN Á INVESTIGACIÓN

O Centro Singular de Investigación en Tecnoloxías da Información da Universidade de Santiago de Compostela (CITIUS) oferta **10 bolsas de verán destinadas a estudantes de Grao** que desexen realizar unhas prácticas de iniciación á investigación no CITIUS.

1. OBXECTO

A presente convocatoria de bolsas ten por obxectivo atraer a estudantes de alto nivel interesados en realizar unhas prácticas formativas de iniciación á investigación. Os candidatos seleccionados integraranse nun proxecto de investigación nun dos Programas Científicos do Centro e participarán activamente nas actividades científicas do CITIUS. As bolsas pretenden apoiar a estudantes de Grao que desexen iniciar a súa actividade investigadora no CITIUS.

2. CARACTERÍSTICAS

As prácticas terán unha duración dun mes e desenvolveranse preferentemente **durante o mes de xullo** de 2017. Os estudantes recibirán unha bolsa de **700 euros** e unha axuda para gastos de viaxe para os alumnos residentes fóra de Santiago (mediante a presentación de xustificantes, billetes): até 80€ para os alumnos residentes en Galicia e até 200€ para os alumnos residentes noutras comunidades autónomas.

3. PROGRAMA FORMATIVO

Os candidatos terán asignado un proxecto de investigación nunha das áreas de investigación dos [Programas Científicos](#) do CITIUS baixo a supervisión dun investigador principal. Os alumnos adquiriran coñecementos e destrezas na área temática do seu proxecto de investigación. Tamén participarán nas conferencias e nos ciclos formativos do CITIUS.

4. REQUISITOS DOS CANDIDATOS

- As bolsas de verán están destinadas a estudantes con interese en ter unha primeira experiencia en investigación e que cumpran cos seguintes requisitos académicos:
- Estudantes de Grao en Enxeñaría Informática, Enxeñaría de Telecomunicacións, Física, Matemáticas ou disciplinas afíns.
- Nota media no expediente dos estudos de Grao igual ou superior a 8,0 (escala de 0 a 10).
- Finalizar o terceiro curso do Grao ou 140 créditos da titulación.

5. LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN

A presentación das solicitudes farase a través de e-mail á dirección citius.idi@usc.es, indicando no asunto [BOLSAS DE VERÁN] antes do **martes 2 de maio de 2017** ás 23h59.

6. DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

- Formulario da convocatoria, dispoñible para descarga en: citius.usc.es/verano
- Copia do expediente académico de Grao ou título equivalente no que consten as cualificacións obtidas e a nota media até a data.
- CV do solicitante e copia da documentación xustificativa dos méritos alegados.

7. AVALIACIÓN

A Comisión de Apoio á Dirección do CiTIUS será a encargada de resolver a convocatoria. A resolución publicarase na web do CiTIUS no prazo máximo dunha semana dende a data de peche da convocatoria.

Os criterios de avaliación serán os seguintes:

- Expediente académico de Grao (até 3 puntos)
- Expresión de interese do candidato (até 1 punto)
- Outros méritos: cursos, premios, participación en proxectos, etc. (até 1 punto)

8. CONTACTO

Para calquera aclaración, poderase contactar co Centro en citius.idi@usc.es ou nos teléfonos 881.816.410 ou 881.816.403.

En Santiago de Compostela, a 8 de marzo de 2017



Asdo.: Paulo Félix Lamas

Director Comisario do CiTIUS